



## ACORDO INCUMPRIDO (2): PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

**O secretario de Estado da Seguridade Social e Pensiones, Borja Suárez Corujo, segue incumprindo o Acordo que el mesmo asinou**

**O acordo do 16 de maio de 2023 da Mesa Delegada da Administración da Seguridade Social** polo que se establecen as condicións iniciais para a implantación dun plan estratégico de recursos humanos na Administración da Seguridade Social, referendado pola Secretaría de Estado da Seguridade Social e Pensiones e a Subsecretaría de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, **establece no seu segundo punto:**

### **“2. Provisión de puestos de trabajo:**

*Continúa vigente el acuerdo alcanzado en noviembre de 2018 en el ámbito de la Mesa Delegada en cuanto a la conveniencia de evolución del modelo de concurso general (tipo Macro) hacia un sistema abierto y permanente. Por ello, se acuerda un calendario de trabajo para analizar los modelos de concursos de provisión de puestos de trabajo en el ámbito de la Administración de la Seguridad Social para alcanzar ese objetivo.*

*Asimismo, para favorecer la promoción y los traslados de los empleados y empleadas públicas hacia los puestos vacantes de mayor necesidad para el servicio, previo diagnóstico, negociación y acuerdo en el ámbito de la Mesa Delegada, se acuerda establecer una periodicidad anual en las convocatorias, en consonancia con lo establecido en el I Acuerdo de Movilidad.*

*Igualmente, se negociarán unas bases comunes para la convocatoria de los concursos generales de méritos para el ámbito de la Administración de la Seguridad Social en las que la formación adecuada al puesto de trabajo se considerará como un mérito esencial.”*

**CSIF, CCOO, CIG y ELA** queremos resaltar, tal e como contempla o documento e así o ratificou a Administración, que o presente acordo do 16 de maio de 2023 é continuación do acordo do 29 de novembro de 2018 **que xa establecía no seu punto terceiro:**

*3.- Dentro del marco del I Acuerdo de movilidad del personal funcionario al servicio de la Administración General del Estado, revisar los modelos de concursos en el ámbito de las Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social, y en concreto, en lo relativo al concurso general de puestos de la Administración de la Seguridad Social: Establecer unas Bases de convocatoria estables, que se adjuntan como anexo a este Acuerdo, con una duración mínima de cuatro años, salvo que circunstancias excepcionales sobrevenidas obliguen a efectuar modificaciones, con el previo acuerdo de ambas partes.*

- Proceder a la publicación de una convocatoria anual, evolucionando hacia un modelo de concurso permanente.*



- Favorecer en las bases el trasvase de personal entre Entidades Gestoras y Servicios Comunes, disminuyendo la diferencia entre las áreas funcionales.
- Incluir la valoración de cualquiera de las formas reglamentarias de desempeño de puestos de forma provisional, asignando puntuaciones acordes con las circunstancias actuales de las plantillas de las Entidades Gestoras y Servicios Comunes.
- Convocar todas las vacantes disponibles, así como los puestos cubiertos de forma provisional dentro del marco del Reglamento de provisión de puestos de trabajo, así como proponer la convocatoria de las correspondientes resultas.

As reunións mantidas dos grupos de traballo, nas que **CSIF**, **CCOO**, **CIG** y **ELA** achegaron propostas de mellora dos actuais modelos de concursos, caeron en saco roto por parte da Administración. O único que fai o Ministerio é incumprir:

**Incumprimiento: Concurso Macro: nin estivo, nin está e nin se lle espera en breve**

Xa quedou establecida a periodicidade anual na súa convocatoria, o cal non ocorreu desde a sinatura do acordo de 2018, o que ocasiona que non se poida evolucionar cara a un sistema de concurso aberto e permanente, tal e como se aplica en toda a AGE en canto ao persoal laboral. Tampouco recolleron as diversas propostas achegadas desde a parte social en canto a ir realizando mini-macro concursos por tramos de niveis, para que o volume sexa inferior, podendo resolverse nun curto prazo de tempo e posibilitar a promoción e a mobilidade do persoal aos postos de maior nivel, quedando os postos inferiores dispoñibles para oferta de emprego público.

Neste mesmo sentido, respecto á ocupación provisional, amparada pola urxente e inaprazable necesidade, sistema instaurado como prioritario por parte do noso Ministerio fronte ao sistema xeral de provisión, novamente pon de manifesto a arbitrariedade, a nula participación sindical e a incapacidade organizativa e de xestión en política de provisión de postos. Frente a esta ocupación provisional, que entendemos debe ser **excepcional e residual**, eleváronse propostas e protocolo de actuación único desde a parte social, co obxectivo de instaurar un sistema que garanta os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade xunto coa participación sindical. Nin pronunciamento nin resposta.

**Incumprimiento: Apenas se ofertan resultas nos concursos**

Convócanse os concursos, especialmente o Macro, cun número de resultas anecdótico. Pretende o Ministerio xustificar así que ten resultas, pero a realidade é que cando unha persoa se vai dunha oficina, no 95% das ocasións non vén ningúen pois o seu posto non estaba nas resultas.

O Ministerio está ocasionando un prexuízo a todo o persoal: ao que se quere trasladar e non pode por non existir as resultas ás que optar; e ao que non se move que ve marchar ao seu compaño/a e, como non vén ninguén, cargará co seu traballo ata o seguinte concurso (3 anos..., 4 anos...). Ou recorrer á ocupación provisional, para tapar a súa propia incapacidade, facendo da excepcionalidade un sistema pervertido.



**Incumprimiento:** **Non se favorece o traspase de persoal entre as Entidades coa implantación das áreas funcionais, que implican unha maior especialización das tarefas**

A implantación dos novos modelos organizativos baseados na especialización de tarefas limita gravemente a mobilidade do persoal, chegando a ser imposible trasladarse no caso daquelas tarefas que non foron implantadas en todo o territorio nacional.

Unha persoa nomeada por un político a dedo pode estar no Ministerio de Cultura, logo no de Xustiza, despois no de Presidencia e despois no de Función Pública, pero o Ministerio pretende que un simple auxiliar / administrativo non se poida mover de posto, aducindo unha suposta especialización. Basta de limitacións artificiais aos dereitos do persoal funcionario e laboral.

**Incumprimiento:** **Oferta de vacantes ao persoal previa á incorporación de novos efectivos**

**CSIF, CCOO, CIG y ELA** reiteradamente solicitamos que se posibilite ao persoal de plantilla acceder aos postos de traballo previamente a ser asignados a persoal de nova incorporación, favorecendo desta forma o contemplado nos acordos de mobilidade, así como a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Non podemos tolerar que compañeiros e compañeiras con necesidades de retorno ao seu fogar ou á espera de solicitar ese posto que mellora o seu nivel vexan limitadas as súas expectativas coa entrada de persoal de nova incorporación e ocupación deses postos, creando indefensión e falta de oportunidades consolidadas.

***¿Vas permitir que non se convoque o Concurso Macro? ¿E que cando se convoque o fagan sen apenas resultados?***

***¿Vas permitir que limiten os traslados de persoal entre Entidades?***

***¿Vas permitir que non se oferten previamente á incorporación de novos efectivos as vacantes ao persoal que xa presta os seus servizos?***

Por todo isto, **CSIF, CCOO, CIG y ELA** Animamos a todos os compañeiros e compañeiras do ámbito da Seguridade Social a secundar as accións que imos ir propoñendo, co obxectivo de mellorar as condicións laborais e retributivas da totalidade do persoal, que á súa vez redundará nunha mellor calidade do servizo público que ofrecemos.

***As Leis e os Acordos son para cumplirlos***